



PRIMEIRA ACTA DA XUNTA ELECTORAL

En Lobios sendo as 12:00 horas do día tres de novembro de dous mil oito, reúnen-se na sala de profesores do CEIP do Xurés, de Lobios, as persoas que máis abaixo se relacionan, nomeadas en virtude do artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, que regula a constitución da Xunta Electoral responsable da organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar, ao obxecto de tratar os seguintes asuntos:

Primeiro.- A Directora do Centro, Milagros Paz León que baixo a súa presidencia se realiza a reunión, da lectura a tódolos presentes dos artigos 30 e seguintes do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario.

Segundo.- Seguidamente, en virtude das disposicións antes mencionadas, procédese á constitución da xunta Electoral do Centro, quedando a mesma estruturada da forma seguinte:

- Presidenta: Milagros Paz León, Directora do Centro.
- Vocaís:
 - Josefa González González (Mestra)
 - María González Domínguez (Nai)
 - Paulina Rodríguez Fernández (Persoal de administración e servizos)

Actúa como Secretario o mestre, Josefa González González.

Terceiro.- A Xunta Electoral, unha vez constituída e de acordo coa lexislación vixente, procede a aprobar a publicación das convocatorias dos distintos sectores de representación, así como a publicación dos seus correspondentes censos electorais, e establece o seguinte calendario electoral:

- Día 3 de novembro:
 - Publicación das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos: profesores, pais/nais e, de ser o caso, persoal de administración e servizos.
 - Publicación provisional dos censos dos sectores educativos citados.
 - Envío de escritos ao Concello e a ANPA solicitándolles a designación dos seus representantes.
- Día 17 de novembro (Celebración da 2ª reunión da Xunta Electoral)
 - Proclamación e posterior publicación de candidaturas por sectores de representación.
 - Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles

reclamacións.

- Aprobación de modelo de papeletas e sobres dos distintos actos electorais.
- Sorteo público da designación dos membros das mesas electorais.
- Día 24 de novembro: Celebración das votacións de:
 - Persoal de administración e servizos, de ser o caso, de 12:00 a 12:30 horas.
 - Pais, nais e titores legais do alumnado, de 17:00 a 20:00 horas.
- Día 26 de novembro (Celebración da 3ª e última reunión da Xunta Electoral):
 - Proclamación de candidatos electos.
 - Traslado ao delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria das copias de actas das votacións efectuadas.

E sen máis asuntos que tratar, a Directora como Presidenta da Xunta Electoral, levanta a sesión ás 12:15 horas do días, mes e ano ao principio mencionado e que, como secretario/a dou fe.

Vº E PRACE:
A PRESIDENTA

O SECRETARIO/A

Asdo: Josefa González González.

Milagros Paz León

OS VOCAIS,

Asdo:

Asdo:

Asdo:

Asdo: